

Como previr os ciberataques?

Introdución

Este curso Galiciencia propuxo como tema de investigación a Ciberseguridade. Para nós foi un reto porque pensabamos que non se podía facer nada ante os ciberataques ou as estafas.

Ao buscar información vimos que existen distintos ciberataques:

- Ás nosas contrasinais para acceder aos nosos servizos.
- Por enxeñaría social, é dicir, enganar polo noso modo de actuar
- Ás nosas conexións inalámbricas, interpoñéndose entre nós e os servizos cos que contactamos.
- Con malwares, é dicir, programas maliciosos que danan os nosos sistemas informáticos e a nosa privacidade

Poderíamos nós reducir estes ciberataques?

Hipótese

A maioría das persoas non adopta medidas de seguridade sinxelas para protexer os seus datos e contrasinais en internet, facilitando a actividade de ciberdelicuentes.

Obxectivos

- Coñecer accións sinxelas que poden previr os ataques informáticos.
- Averiguar se as persoas da nosa contorna aplica estes hábitos saudables para previr a delincuencia
- Divulgar accións sinxelas para previr estes ataques.

Metodoloxía

Para acotar un tema tan amplo coma a ciberdelincuencia decidimos centrarnos nos ataques as nosas contrasinais.

Hai accións moi sinxelas que dificultan o acceso indesexado aos nosos datos. Estas accións son:

- Non usar a mesma contrasinal para distintos servizos
- Non usar contrasinais débiles (una contrasinal forte tería máis de 12 caracteres, combina letras maiúsculas, minúsculas, números e símbolos; non é unha palabra que se atope no dicionario, nome, empresa...; diferente as usadas anteriormente).
- Non usar datos persoais a modo de contrasinais (data de nacemento, DNI, número de teléfono...)
- Non apuntar os contrasinais en "Notas" ou arquivos sen cifrar.

CIBERATAQUES

O alumnado de 1º da ESO (Claudia e Xurxo) do CPI Poeta Uxío Novoneyra que fagades esta enquisa.
É para un traballo de investigación sobre a ciberdelincuencia.

* Indica que la pregunta es obligatoria

Idade

Elige

Indica cales destas accións fas: *



- Usar o mesmo contrasinal para distintos servizos.
- Utilizar contrasinais débiles.
- Utilizar datos persoais como contrasinal (data de nacemento, DNI...).
- Apuntar os contrasinais en "notas" ou arquivos sen cifrar.
- Gardar os contrasinais no navegador.
- Primeira letra en maiúscula.
- Engadir un ou dous números.
- Un carácter especial.

Todas as accións anteriores facilitan aínda máis a actividade dos ciberdelicuentes.

- Non gardar os contrasinais no navegador
- Non usar patróns sinxelos: 1ª letra maiúscula, engadir 1 ou 2 números, un carácter especial... Estes patróns son moi populares e facilitan aínda máis a tarefa do ciberdelicente.

Preparamos unha enquisa en Google Forms para averiguar cantas destas accións se realizaban de xeito incorrecto.

Resultados



O 1º dato foi sorprendente: todas as persoas enquisadas facían algunha acción incorrecta relacionado con estes hábitos sinxelos das contrasinais. Incluso sabendo que eso facilitaba os ataques dos ciberdelincuentes. Un 79% usa o mesmo contrasinal para varios servizos co fin de poder memorizar mellor o seu contrasinal.

Moitas persoas (entre un 51% e un 64%) cren que usando os patróns de primeira letra en maiúscula, engadir un ou dous números ao final e un símbolo, xa teñen un contrasinal seguro, pero é un patrón tan común que é unha sensación de falsa seguridade.

Conclusións

- Existen accións sinxelas que preveñen ataques informáticos aos nosos contrasinais, como poñer combinacións de números, caracteres especiais, maiúsculas e minúsculas
- O 100% das persoas enquisadas comete algún erro na creación de contrasinais e un 79% usa a mesma contrasinal para distintos servizos.

Bibliografía

- OpenAI (2026) ChatGPT
https://chatgpt.com/s/t_69a948d8b6c88191b4af96a85845d45f
- OpenAI (2026) ChatGPT
https://chatgpt.com/s/t_69a949247b6c819185023a8d17430b4c
- Instituto Nacional de Ciberseguridad. Guía de Ciberataques..
<https://www.incibe.es/sites/default/files/docs/guia-ciberataques/osi-guia-ciberataques.pdf>

Agradecementos

A todas as persoas que lle dedicaron tempo a realizar a nosa enquisa.